**PRIMEIRO.-** Aprobar o acordo transaccional coa parte demandante, SONDEOS DEL NORTE S.A., no recurso contencioso-administrativo tramitado coma P.O. nº 4215/2021, ante a Sección 2ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra o acordo plenario de data 27.05.2021, poa que se aprobou definitivamente o Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable S.UBLE-1 do P.X.O.U. do Concello de Laxe, facultando á representación procesual do CONCELLO DE LAXE para subscribir escrito no que se dea conta ao Xulgado de que se alcanzou, entre SONDEOS DEL NORTE S.A e o CONCELLO DE LAXE, acordo transaccional que pon termo á controversia xudicial e en cuxa virtude o Concello de LAXE acepta:

1.- Asumir íntegramente os custos de urbanización e a posterior conservación e mantemento do Sistema Xeral ZV-5 adscrito ao sector de solo urbanizable S. UBLE.1, quedando eximidos os propietarios do sector de solo urbanizable S. UBLE. 1 de participar tanto na súa execución, como nos custos de urbanización e de conservación e mantemento do devandito sistema xeral adscrito ZV-5.”

2.-Asumir íntegramente todos os custos que se deriven da conservación e posta en valor do elemento catalogado L24, “RESTOS DOS FORNOS DE SECADO DO MINERAL DA MINA DE KAOLINES DE LAGE” incorporaranse entre as actuacións do PEID que desenvolva o sistema xeral S.G. O ZV-5, quedando eximidos os propietarios do Sector de chan urbanizable S. UBLE. 1 de participar nos devanditos custos.

3.- O Concello de Laxe comprométese a formular á súa costa e a tramitar ata a súa aprobación definitiva o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) que ordene o Sistema Xeral de Espazos Libres S.G. ZV-5, resultando o mais aconsellable que o inicio dos traballos se produza na medida do posible, de forma inmediata a partir da aprobación definitiva do instrumento de equidistribución do plan parcial do sector de solo urbanizable S. UBLE. D-1 da PXOM de Laxe.

4.- Os propietarios do sector de solo urbanizable S. UBLE. 1 quedan eximidos de participar nos custos de urbanización da ampliación do sistema xeral viario que coincide coa estrada AC-431 e tamén da execución dun novo acceso viario ao sistema xeral de equipamento deportivo S.G. EQ-10.

5.- Comprométese a axustar a porcentaxe de reserva para a construción de vivendas protexidas aos terreos necesarios para realizar o 6,42% da edificabilidade residencial prevista pola ordenación urbanística no solo urbanizable e no chan urbano non consolidado regulado no artigo 17.b.1) da LSG,

**SEGUNDO.-** SONDEOS DEL NORTE S.A. desistirá do recurso contencioso administrativo P.O. nº 4215/2021 interpuesto ante a Sección 2ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia y de calquera outra reclamación xudicial ou extraxudicial interposta contra a aprobación do Plan



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*Parcial do Sector de Solo Urbanizable S.UBLE-1 del P.G.O.U, renunciando a calquera acción que puidera derivarse do acordo plenario de data 27.05.2021, o pola que se pretenda a nulidade das determinación e criterios de ordenación dos sectores de solo urbanizable delimitados no PXOM do Concello de Laxe. A eficacia do acordó que se adopte quedará supeditada a constancia do desistimento por parte da empresa nos términos indicados.*

*TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución a Sección 2ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (P.O. nº 4215/2021) por medio dos representantes procesuais do Consorcio neste procedemento e aos interesados así como aos distintos servizos administrativos da Corporación e facultar ao presidente para a sinatura de cantos acordos sexan necesarios para dar efectividade a este acordo.”*

Sometido ó asunto á votación, interveñen:

Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE manifestando que o seu voto vai ser favorable.

A continuación intervén Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG de Laxe, manifesta a opinión do seu grupo dando lectura ao seguinte escrito:

*Que a verdade é que este contencioso que prantexa Sondeos del Norte é algo endemoniado, e ven motivado, ao noso xuízo, porque as cousas non se fixeron ben no seu momento.*

*A realidade é que a súa proposta agacha unha drástica redución da vivenda protexida no seu propio beneficio, o que comunmente se vén chamado “pelotazo urbanístico”, máis agravado se cabe con que a urbanización de todo o espazo vaina ter que pagar toda a veciñanza de Laxe nun prazo máximo de 2 anos, e non vai ser barata, por non comentar de onde se van quitar os cartos para pagar semellante obra.*

*É un acordo, con máis tintes de chantaxe que de acordo, porque senón a xustiza, según dí Sondeos del Norte, anularía o PXOM, incluíndo o Campo do Fútbol, que pasaría a asentarse sobre un terreo deles, polo que habería que pagarllo ben pagado.*

*Mais a Lei dí xustamente todo o contrario, ou sexa que é a empresa a que debe facerse cargo da urbanización do ámbito, polo que, ao xuízo do BNG, igual quén debería de presentar un contencioso contra a empresa por un proceder incorrecto nas prácticas urbanísticas incorrectas é o Concello de Laxe.*

*Polo tanto o noso voto nesta cuestión, que lle chega co voto favorable do Grupo de Goberno posto que non precisa de unanimidade, vai ser negativo.*

Fernando del Moral Regaldíe, representante de Unidas Podemos manifesta que o seu voto vai ser en contra porque supón, o seu entender, modificar a superficie edificable non garantindo os estándares de hoxe en día.

Contesta o sr. alcalde, que con carácter previo tívose unha reunión informativa técnica cos portavoces para explicar toda a cuestión relativa a esta proposta, e explica que Sondeos del Norte interpuso un contencioso administrativo contra o acordo plenario de data 27/05/2021 pola que se aprobou definitivamente ó Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable S.UBLE-1 do PXOM deste Concello de Laxe, e que tanto os abogados da Diputación que defenden ó concello,



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

como os técnicos planificadores recoméndan chegar a un acordo con Sondeos del Norte xa que as posibilidades de perder o pleito son moi elevadas e as súas consecuencias son graves para o Concello que constan informes técnicos e xurídicos, sobre todas estas circunstancias, e engade que o que procede é aprobar a proposta que se somete a aprobación.

Intervén de novo o voceiro do BNG, Xosé Manuel Pose Lema manifestando que os informes son favorables, pero que desexa que o alcalde lle explique á veciñanza de onde vai quitar cartos o concello para realizar as obras no prazo de dous anos.

Seguidamente, non habendo máis intervencións, sométese á votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 [(5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose e Don Daniel Mata Martínez) e 1 Grupo Mixto (Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]

**VOTOS EN CONTRA:** 4 [(3 do BNG (Xosé Manuel Pose Lema, María Cristina Vázquez del Prisco e Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (1 Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

**ABSTENCIÓNS:** 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o acordo transaccional coa parte demandante, SONDEOS DEL NORTE S.A., no recurso contencioso-administrativo tramitado coma P.O. nº 4215/2021, ante a Sección 2ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra o acordo plenario de data 27.05.2021, poa que se aprobou definitivamente o Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable S.UBLE-1 do P.X.O.U. do Concello de Laxe, facultando á representación procesual do CONCELLO DE LAXE para subscribir escrito no que se dea conta ao Xulgado de que se alcanzou, entre SONDEOS DEL NORTE S.A e o CONCELLO DE LAXE, acordo transaccional que pon termo á controversia xudicial e en cuxa virtude o Concello de LAXE acepta:

1.- Asumir íntegramente os custos de urbanización e a posterior conservación e mantemento do Sistema Xeral ZV-5 adscrito ao sector de solo urbanizable S. UBLE.1, quedando eximidos os propietarios do sector de solo urbanizable S. UBLE. 1 de participar tanto na súa execución, como nos custos de urbanización e de conservación e mantemento do devandito sistema xeral adscrito ZV-5.”

2.-Asumir íntegramente todos os custos que se deriven da conservación e posta en valor do elemento catalogado L24, “RESTOS DOS FORNOS DE SECADO DO MINERAL DA MINA DE KAOLINES DE LAGE” incorporaranse entre as actuacións do PEID que desenvolva o sistema xeral S.G. O ZV-5, quedando eximidos os propietarios do Sector de chan urbanizable S. UBLE. 1 de participar nos devanditos custos.

3.- O Concello de Laxe comprométese a formular á súa costa e a tramitar ata a súa aprobación definitiva o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) que ordene o Sistema Xeral de Espazos Libres S.G. ZV-5, resultando o mais aconsellable que o inicio dos traballos se produza na medida do posible, de forma inmediata a partir da aprobación definitiva do instrumento de equidistribución do plan parcial do sector de solo urbanizable S. UBLE. D-1 da PXOM de Laxe.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

4.- Os propietarios do sector de solo urbanizable S. UBLE. 1 quedan eximidos de participar nos custos de urbanización da ampliación do sistema xeral viario que coincide coa estrada AC-431 e tamén da execución dun novo acceso viario ao sistema xeral de equipamento deportivo S.G. EQ-10.

5.- Comprométese a axustar a porcentaxe de reserva para a construción de vivendas protexidas aos terreos necesarios para realizar o 6,42% da edificabilidade residencial prevista pola ordenación urbanística no solo urbanizable e no chan urbano non consolidado regulado no artigo 17.b.1) da LSG,

**SEGUNDO.-** SONDEOS DEL NORTE S.A. desistirá do recurso contencioso administrativo P.O. nº 4215/2021 interpuesto ante a Sección 2ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia y de calquera outra reclamación xudicial ou extraxudicial interposta contra a aprobación do Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable S.UBLE-1 del P.G.O.U, renunciando a calquera acción que puidera derivarse do acordo plenario de data 27.05.2021, o pola que se pretenda a nulidade das determinación e criterios de ordenación dos sectores de solo urbanizable delimitados no PXOM do Concello de Laxe. A eficacia do acordó que se adopte quedará supeditada a constancia do desistimento por parte da empresa nos términos indicados.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da presente resolución a Sección 2ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (P.O. nº 4215/2021) por medio dos representantes procesuais do Consorcio neste procedemento e aos interesados así como aos distintos servizos administrativos da Corporación e facultar ao presidente para a sinatura de cantos acordos sexan necesarios para dar efectividade a este acordo.

### **6.Aprobación da retribución de VIAQUA, SLU para 2023. Expte. núm. 2022/X998/000294**

Dase conta da seguinte Proposta da Alcaldía, adxunta á convocatoria:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **Expte. Núm. 2022/X998/000294**

**VISTA** a solicitude presentada pola concesionaria da xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento, VIAQUA de data 30 de setembro de 2023 polo que interesa un incremento da retribución para o ano 2023 para recuperar o equilibrio económico do servizo.

**VISTO** o informe xurídico económico emitido polo despacho profesional BERMOR ABOGADOS S.L. con data do 12 de xuño de 2023 sobre a solicitude de retribución de VIAQUA para recuperar o equilibrio económico do servizo para o ano 2023, no que se analiza entre outros aspectos, consideracións xurídicas como a determinación a natureza xurídica da relación entre o Concello e a concesionaria; as contraprestacións; a determinación dos conceptos que compoñen o importe da contraprestación recibida polo concesionario e consideracións económicas como; a estimación de ingresos e custos formulada por VIAQUA para o ano 2023, sobre a base dun dobre dobre escenario 1: custos de enerxía eléctrica da ETAP asumidos polo Concello e 2 custos de enerxía eléctrica da ETAP asumidos por VIAQUA.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

**VISTO** o escrito de VIAQUA XESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA SAU no que se manifesta:

“... unha vez examinado o informe xurídico e económico emitido por Bermor Abogados SL sobre o aumento da retribución para o ano 2023 solicitado por Viaqua, e manifestándosenos a intención do Concello de Laxe de non asumir os custos de enerxía eléctrica, esta mercantil mostrase conforme coas directrices indicadas e polo tanto, coa retribución que Bermor Abogados SL ten entendido como conforme. Que, polo tanto, e segundo indica o citado informe na páxina 19, dado que o Concello non se fai cargo dos custos da enerxía eléctrica, e a fin de que os ingresos cubran os custos do servizo, a retribución que ten de ser aprobada para o ano 2023 será de 0.72821€/m3 segundo o escenario 2 do informe. Sirva a presente como solicitude de retribución para o ano 2023. Que na súa virtude, Viaqua presentará, dacordo co indicado, unha solicitude de actualización de retribución para o ano 2024, indicando que estes serán os criterios a seguir nas restantes solicitudes anuais. Que, se solicita a este Concello, proceda a aprobar a retribución solicitada a fin de que sexa de aplicación o 1 de xaneiro de 2024”.

**CONSIDERANDO** que resulta de interese para o Concello de Laxe que os custos de asunción da enerxía eléctrica da ETAP sigan sendo asumidos pola concesionaria e facendo uso do exercicio da potestade regulamentaria do Concello en materia tributaria que lle atribúe aos concellos o Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e vistos os informes que constan no expediente, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar unha retribución a concesionaria para o exercicio 2023, para recuperar el equilibrio económico do servizo de abastecemento e á rede xeral de saneamento, e pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Laxe, de 0,72821 €/m3, mantindo a concesionaria (VIAQUA) a asunción dos custos da enerxía eléctrica da ETAP.

**SEGUNDO.-** Notificarlle a presente resolución ao interesado, indicando que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano, tendo carácter preceptivo e previo ao recurso contencioso-administrativo. O prazo para interpoñer recurso é dun mes dende a data de notificación da presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou ata que se produza a súa desestimación por silencio. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto ante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente. O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses contados o día seguinte ao que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou seis meses dende a data en que se produza o acto presunto, segundo o dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

**TERCEIRO.-** Darlle traslado da presente resolución á Tesourería municipal.”

Seguidamente, non habendo intervencións, sométese á votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 9 [(5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose e Don Daniel Mata Martínez) 3 do BNG (Xosé Manuel Pose Lema, María Cristina Vázquez del Prisco e Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto ( Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]

**VOTOS EN CONTRA:**

**ABSTENCIÓNS:** 1 do Grupo Mixto (1 Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)]

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar unha retribución a concesionaria para o exercicio 2023, para recuperar el equilibrio económico do servizo de abastecemento e á rede xeral de saneamento, e pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Laxe, de



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

0,72821 €/m<sup>3</sup>, mantindo a concesionaria (VIAQUA) a asunción dos custos da enerxía eléctrica da ETAP.

**SEGUNDO.-** Notificarlle a presente resolución ao interesado, indicando que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano, tendo carácter preceptivo e previo ao recurso contencioso-administrativo. O prazo para interpoñer recurso é dun mes dende a data de notificación da presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou ata que se produza a súa desestimación por silencio. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto ante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente. O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses contados o día seguinte ao que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou seis meses dende a data en que se produza o acto presunto, segundo o dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

**TERCEIRO.-** Darlle traslado da presente resolución á Tesourería municipal.

### **7. Mocións dos grupos municipais.-**

**7.1. Moción presentada polo PP de Laxe con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día internacional da eliminación de violencia contra as mulleres**

**7.2. Moción presentada polo BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e a necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista**

Tras distintas intervencións, todos os presentes chegan ao acordo de presentar unha moción conxunta e consensuada para este 25N, retirando por tanto ambas dúas mocións.

**7.3. Moción presentada por UNIDAS-PODEMOS para a intervención da propiedade abandonada por parte da SAREB na rúa Rosalía de Castro, 30**

Dase conta da seguinte moción:

“MOCIÓN PARA A INTERVENCIÓN DA PROPIEDADE ABANDONADA POR PARTE DA SAREB NA RÚA ROSALÍA DE CASTRO 30

que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 30 de novembro de 2023.

Exposición de Motivos:

Considerando que a citada propiedade ubicada na Rúa Rosalía de Castro 30 se encontra actualmente en estado de abandono e deterioro.

Habida conta de que o Consello de Ministros informou sobre o Plan da SAREB, no que se mobilizarán estas propiedades con características heteroxéneas, polo cal esta se podería converter en vivendas destinadas a aluguer asequible, e que a maiores podería ofrecer estas ás administracións públicas destinadas a outros obxectos sociais dentro do marco do Proxecto Reto Demográfico para implantar iniciativas empresariais e de industrialización na España rural. Dado que a seguridade e o mantemento de propiedades dentro do noso Concello son responsabilidade e preocupación de esta administración local, e tomando como bases os artigos da Lei 1/2019, de 22 abril, de rehabilitación, rexeración e renovación urbanas de Galicia e os da Lei 2/2016 de Solo de Galicia.

Tendo en conta que a SAREB (Sociedade de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria) é a entidade propietaria de dita propiedade.

Propón:

- O Concello de Laxe, en base ó artigo 5 da Ley 1/2019 citada máis arriba, a esixir á



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

propiedade a elaboración dun informe de avaliación do citado edificio, en base ó punto 2 do citado artigo que expresamente di que corresponde ós concellos velar polo cumprimento da obrigaón de redactar os citados informes.

- Ó Concello de Laxe a instar á SAREB a asumir a responsabilidade do mantemento da devandita propiedade ubicada en Rosalía de Castro 30 en base ó artigo 24 de obrigaóns relativas á edificación, conservación e rehabilitación, que pode derivar no punto dous á expropiación ou venta forzosa, para o cal será requisito previo a declaración por parte do Concello do incumprimento de que se trate por resolución expresa que así o acredite e tendo en conta o artigo 29.1 da mesma polo que os Concellos poderán dictar ordes de execución que obriguen ás persoas propietarias de bens inmobles a realizar as actuacións necesarias ata o límite do deber legal de conservación nos termos establecidos na lexislación urbanística de Galicia.
- Se solicite á SAREB a que realice as accións necesarias para garantir a seguridade, limpeza e adecuado mantemento da propiedade mencionada en base ó artigo 135.1 da Lei 2/2016 de Solo de Galicia sobre os deberes de uso, conservación e rehabilitación, en cuxo apartado c) cita que haberán de conservar en condicións de seguridade, salubridade [...] e ornato legalmente esixibles.
- Se autorice ó equipo de goberno a tomar as medidas legais pertinentes en caso de falta de colaboración por parte da SAREB na execución das accións mencionadas.
- Se tome contacto cos propietarios e as administracións correpondentes para estudar a posibilidade de aproveitamento do edificio con un fin social, de dinamización económica, ou ámbalas duas.
- Se notifique formalmente á SAREB sobre esta resolución e se lle inste a responder nun prazo razoable

Sometido o asunto á votación, interveñen:

José Francisco Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE manifesta o seu voto favorable, porque é básicamente un dos veciños afectados en relación con varios problema, como: humidades, filtracións de auga, de insalubridade ...

Tamén manifesta que lle consta unha reclamación de 2021 que non foi atendida e que nesta mesma situación se atopan outros edificios en r/ Villa Amparo, r/ Xuventude, r/ Cantón ... . Manifesta que segundo o previsto no artigo 136 da Lei do Solo de Galicia (órdenes execución) que poderían adoptarse medidas para solucionar esta problemática.

O alcalde indica que parece que hai uns novos propietarios que viron as condicións urbanísticas do antigo proxecto e mantiveron unha reunión co equipo técnico municipal.

Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG pensa que é unha hoteleira madrileña, e manifesta estar dacordo cos argumentos do PSdeg-PSOE, indicando a necesidade dun servizo técnico con funcionario do propio Concello e non dun servizo externo contratado.

Seguidamente, non habendo máis intervencións, sométese á votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [3 do BNG (Xosé Manuel Pose Lema, María Cristina Vázquez del Prisco e Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)

**VOTOS EN CONTRA:** 5 [(5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose e Don Daniel Mata Martínez )]

**ABSTENCIÓNS:** 0

Pásase á 2ª votación, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [3 do BNG (Xosé Manuel Pose Lema, María Cristina Vázquez del Prisco e Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)

**VOTOS EN CONTRA:** 5 [(5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose e Don Daniel Mata Martínez )]

**ABSTENCIÓNS:** 0





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Queda por tanto rexeitada a moción proposta, co voto de calidade do alcalde.

### **7.4 Moción presentada por UNIDAS PODEMOS para o incremento do arborado municipal**

Dase conta da seguinte moción:

*“MOCIÓN PARA O INCREMENTO DO ARBORADO MUNICIPAL que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 28 de setembro de 2023.*

*Exposición de motivos:*

*Considerando a importancia do arborado para a saúde ambiental e benestar da nosa comunidade, así como para mellorar o urbanismo da vila de Laxe, propoñemos a seguinte moción para ser debatida no pleno municipal:*

*Exposición de motivos:*

*Como xa denunciou no seu día momento a nosa formación, contabilizamos que na fase máis antiga do paseo marítimo, un corenta e cinco por cento das árbores que foran plantadas nel, e que polos motivos que fosen, foron talladas e nunca repostas. Este feito constata a imaxe de desleixo total no mantemento da área axardinada do paseo. Exemplos como a redución dos que en su día estaban na Praza dos Voluntarios, a eliminación das palmeiras xunto do Centro de Saúde, reducindo de catro a dous o espazo para a súa plantación, e a desidia mostrada polo tempo transcorrido entre a reforma da beirarrúa e a actualidade.*

*Tendo en conta que debemos incrementar o número de árbores no ámbito municipal para mellorar a calidade do aire, promover o equilibrio ecolóxico e reducir a temperatura urbana no verán, vistos os efectos que o cambio climático está producindo. A maiores cabe indicar que na actual Lei de Solo de Galicia, no seu artigo 42 de calidade de vida e cohesión social, apartado d) para arbolado explícita que en ámbitos de uso residencial ou hostaleiro, a plantación ou conservación de un árbol será por cada 100 metros cuadrados edificables, por tanto estimamos que a administración municipal deberá aplicar as mesmas condicións en todo o que afecta ao PXOM de Laxe.*

*Propón:*

- Crear un plan estratéxico para a plantación e mantemento de árbores nas zonas urbanas e periurbanas.*
- Identificar áreas axeitadas para a plantación de novos exemplares, considerando factores como espazos públicos, beirarrúas e parques.*
- Establecer un calendario para a realización de campañas de plantación participativas coa comunidade local.*
- Destinar fondos orzamentarios específicos para a adquisición de árbores, así como para a súa plantación e mantemento.*
- Desenvolver campañas de concienciación para involucrar á poboación na coida e preservación do arborado municipal.*
- Facilitar información sobre os beneficios ambientais e sociais derivados da presenza de árbores na nosa cidade.*
- Establecer indicadores para avaliar o éxito do programa, incluíndo a supervisión do crecemento das árbores e a mellora das condicións medioambientais.*
- Someter a votación a adopción desta moción como compromiso do concello para o incremento do arborado municipal.”*

Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG manifesta o voto favorable do seu grupo, pero pon en dúbidas a existencia de partida orzamentaria para acometer todo o exposto.

O Alcalde manifesta que comparten a preocupación por o medio ambiente e o coidado, rexeneración e plantación da masa arbórea, pero que antes de adquirir algún compromiso e de comprometer fondos públicos nesta materia, debe realizarse un estudio das necesidades reais do Concello, o seu custo, e polo tanto o seu voto vai ser en contra polo momento.

O concelleiro do PP, Francisco Charlín Oróns, Paco Charlín di que as raíces das palmeiras que



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

estaban situadas diante do Centro de Saúde chegaban os baños do mencionado centro. Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS di que si, pero que tampouco se volveu plantar nada.

Seguidamente, non habendo máis intervencións, sométese á votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [3 do BNG (Xosé Manuel Pose Lema, María Cristina Vázquez del Prisco e Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)

**VOTOS EN CONTRA:** 5 [(5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose e Don Daniel Mata Martínez )]

**ABSTENCIÓNS:** 0

Pásase á 2ª votación, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [3 do BNG (Xosé Manuel Pose Lema, María Cristina Vázquez del Prisco e Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)

**VOTOS EN CONTRA:** 5 [(5 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose e Don Daniel Mata Martínez )]

**ABSTENCIÓNS:** 0

Queda por tanto rexeitada a moción proposta, co voto de calidade do alcalde.

### **8. Dación conta Decretos de Alcaldía.**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto
00790/2023	2023/G003/000820	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 28 DE SETEMBRO DE 2023
00791/2023	2023/G003/000822	DECRETO DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DUN INVENTARIO - CATÁLOGO ON LINE PARA O MUSEO DO MAR DE LAXE NA WEB MUNICIPAL
00792/2023	2023/G003/000823	APROBACIÓN DA APORTACIÓN MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE AGOSTO DE 2023
00793/2023	2023/G003/000824	REINTEGRO A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE. EXP TR351A 2019/81-1
00794/2023	2023/G003/000825	Solicitud General a nombre de M.I.R.F. Solicita: Que al no ser contribuyente de la vivienda, los recibos se envíen al nuevo propietario.
00795/2023	2023/G003/000826	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVICIOS A P.M.R. PARA DESPRAZARSE A CARBALLO O 26/09/2023 Á REVISIÓN DO TACÓGRAFO DO CAMIÓN DE RECOLLIDA DO LIXO
00796/2023	2023/G003/000827	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVICIOS PARA ASISTIR Á SESIÓN FORMATIVA MÓDULO5 SICTED O 4 DE OUTUBRO DE 2023 EN VIMIANZO
00797/2023	2023/G003/000829	DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE ADXUDICA O CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO PARA A ADQUISICIÓN DE 9 VINILOS DE CALIDADE PARA MADEIRA CON DESTINO AO MUSEO DO MAR DE LAXE
00798/2023	2023/G003/000828	RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE, ACONDICIONAMENTO DO SALÓN DE ACTOS CULTURAI E BIBLIOTECA MUNICIPAL ANTÓN ZAPATA GARCÍA SUBVENCIONADO POLA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DA XUNTA DE GALICIA PARA A MELLORA DOS EQUIPAMENTOS CULTURAI DA ORDE DO 12 DE XANEIRO



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

		DE 2023
00799/2023	2023/G003/000830	decreto concesión definitiva emerxencia social recibos alugueiro e factura funeraria
00800/2023	2023/G003/000833	RECHAZAR FACTURA SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES. EGDPI.
00801/2023	2023/G003/000832	ELABORACIÓN E APROBACIÓN DE NÓMINAS DO MES DE SETEMBRO
00802/2023	2023/G003/000834	COMISIÓN SERVIZOS ASISTENCIA CURSO FORMACIÓN DE D.A.C.
00803/2023	2023/G003/000835	COMISIÓN DE SERVIZOS A I.M.C.A. PARA ASISTIR A CURSO NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
00804/2023	2023/G003/000837	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA DE DON F.L.V.
00805/2023	2023/G003/000838	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA DE E.V.R.
00806/2023	2023/G003/000839	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA DE F.B.G.
00807/2023	2023/G003/000840	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA DE DONA L.A.H.
00808/2023	2023/G003/000836	SOESTO - CONFLICTO VECIÑAL J.M.V.- E.D.- C.G.P. (CABANOTE)
00809/2023	2023/G003/000841	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/40
00810/2023	2023/G003/000843	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 02 DE OCTUBRO DE 2023
00811/2023	2023/G003/000844	Adxudicación do contrato menor para a realización da obra de "Mellora de camiños rurais en Laxe e As Virtudes" (Subvencionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural)
00812/2023	2023/G003/000845	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS PARA ASISTIR AO CURSO DE FUNDAMENTOS DE MARKETING E COMUNICACION DO PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO 2023
00813/2023	2023/G003/000842	Aprobación da certificación segunda e final da obra de "Mellora do vial municipal no Lg. Boaño dende o campo do Almozarro á praia de Arnado, na parroquia de Traba", subvencionado polo Plan Único de Concellos POS+ 2022 da Deputación da Coruña, e da factura núm. Emit- 2023 12 de Julio Cundíns Novoa
00814/2023	2023/G003/000846	CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA OS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE LAXE
00815/2023	2023/G003/000847	RESOLUCIÓN ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE TRES EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL ANTÓN ZAPATA, SUBVENCIONADOS POLA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A MELLORA DE EQUIPAMENTOS CULTURAIS DA ORDE DO 12 DE XANEIRO DE 2023 DA XUNTA DE GALICIA
00816/2023	2023/G003/000849	Contrato Menor para a contratación dos grupos que desenvolvan a programación de actividades de dinamización á lectura con cargo ao programa da Consellería de Cultura "Ler conta moito"
00817/2023	2023/G003/000850	Devolución de aval bancario por importe de 680,00 euros á empresa CIP 2 SL
00818/2023	2023/G003/000851	CONVENIO COLABORACIÓN CONCELLO DE LAXE E CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA SELECCIÓN TÉCNICO/A INTERVENCIÓN FAMILIAR
00819/2023	2023/G003/000854	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN DA CONTRATACIÓN POR



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

		PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO PARA A MELLORA DE VIAL MUNICIPAL DESDE CASTRELO (CRUCE AC-433) ATA O MERENDEIRO DE A BRAÑA, NO LUGAR DE SOESTO, CONCELLO DE LAXE (SUBVENCIONADO POLO POS+ 2022, DIPUTACIÓN DE A CORUÑA)
00820/2023	2023/G003/000852	APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN FINAL DA OBRA DE "CONSERVACIÓN DE RÚAS NO CASCO URBANO DO CONCELLO DE LAXE (RÚAS PANADERAS E SOL)" (AUMENTO)
00821/2023	2023/G003/000853	CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE OFICINA (PAPEL A3)
00822/2023	2023/G003/000856	Aprobación da certificación terceira e última da obra "Mellora do firme e seguridade vial na estrada municipal á Praia de Traba, na zona de Mórdomo, parroquia de Traba, no Concello de Laxe", subvencionado polo Plan Único de Concellos POS+ Adicional 2021, da Deputación da Coruña, e da factura núm. Emit-2023354 de Construcciones Ponciano Nieto, SL
00823/2023	2023/G003/000855	Tramitación decreto conjunta de: Solicitud de altas, bajas y modificaciones padronales setembro 2023
00824/2023	2023/G003/000857	CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA O XULGADO DE PAZ DE LAXE
00825/2023	2023/G003/000858	RESOLUCIÓN DE PRE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONS ÁS FAMILIAS OU ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ORGANIZADORAS DE FESTAS POPULARES E FESTEXOS NO CONCELLO DE LAXE DURANTE O EXERCICIO DO 2023
00826/2023	2023/G003/000859	SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA DE J.R.F.
00827/2023	2023/G003/000860	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA DE DONA C.P.R.
00828/2023	2023/G003/000861	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ CRUCEIRO, NÚM. 13 - 1ºB, LAXE
00829/2023	2023/G003/000862	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ CRUCEIRO, NÚM. 13 - 2ºESQ, LAXE
00830/2023	2023/G003/000863	TRAMITACIÓN DE OFICIO ALTA DE TASAS DE RSU Y ALCANTARILLADO DE VARIAS EDIFICACIONES A NOMBRE DE C.P.B.
00831/2023	2023/G003/000864	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A P.M.R. PARA DESPRAZARSE O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2023 A INTURASA PARA REVISIÓN CAMIÓN
00832/2023	2023/G003/000865	PADRÓNS FISCAIS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR(SAF) DO EXERCICIO 2023
00833/2023	2023/G003/000867	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/41. CANON AUGA
00834/2023	2023/G003/000868	APROBACION LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE) 3 TRIMESTRE 2023.
00835/2023	2023/G003/000869	LIQUIDACIÓN DE RETENCIONS IRPF Á AXENCIA TRIBUTARIA MODELO 111, 3 TRIMESTRE 2023.
00836/2023	2023/G003/000866	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/42
00837/2023	2023/G003/000870	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE DÍPTICOS INFORMATIVOS DA RUTA DO PERCEBE
00838/2023	2023/G003/000871	Reserva de instalacións: polideportivo I.P.T.
00839/2023	2023/G003/000872	Reserva de instalacións: M.Q. 29/10/2023



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- 00840/2023 2023/G003/000873 COMISIÓN SERVIZOS TRABALLADORA SOCIAL D.A.C.
- 00841/2023 2023/G003/000874 SOLICITUDE ALTA NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO DE DONA M.I.S.L.
- 00842/2023 2023/G003/000875 concesion emerxencia social factura libros
- 00843/2023 2023/G003/000876 SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA, DO CAN DE NOME PIPO, QUE SOLICITA A.V.B.
- 00844/2023 2023/G003/000877 APROBACIÓN DA APORTACIÓN MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE SETEMBRO DE 2023
- 00845/2023 2023/G003/000881 RESOLUCIÓN PAGAMENTO PREMIO IV CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR: DILLO BEN BONITO. O AMOR PRÉMIASE EN LAXE A P.R.V.
- 00846/2023 2023/G003/000880 RESOLUCIÓN PAGAMENTO PREMIO DO IV CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR: DILLO BEN BONITO. O AMOR PRÉMIASE EN LAXE A L.S.C.
- 00847/2023 2023/G003/000879 SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DO LIXO E SUMIROIROS POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ ATALAIÁ, NÚM. 11 4ºESQ, LAXE
- 00848/2023 2023/G003/000878 SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ REAL NÚM. 3, LAXE
- 00849/2023 2023/G003/000884 ANULACIÓN RECIBOS DUPLICADOS NOS PADRONS DAS TAXAS DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. E DE SUMIDOIROS DO EXERCIZO DE 2023.
- 00850/2023 2023/G003/000885 AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A P.M.R. E M.A.P. PARA DESPRAZARSE Ó TALLER INTURASA
- 00851/2023 2023/G003/000883 EXPEDIENTE Nº 22/2023 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS AO VIXENTE ORZAMENTO PRORROGADO DE 2022 PARA O 2023 POR XENERACIÓN DE CRÉDITOS.
- 00852/2023 2023/G003/000886 Contrato menor de servizos para a Elaboración de informe xurídico económico sobre ruptura do equilibrio económico financeiro
- 00853/2023 2023/G003/000887 ASIGNACIÓN COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR DE SERVIZOS SOCIAIS CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO
- 00854/2023 2023/G003/000888 AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A PABLO MARTÍNEZ ROMERO E MARCIAL ÁLVAREZ POSE PARA DESPRAZARSE Ó TALLER INTURASA O 19/10/2023
- 00855/2023 2023/G003/000890 Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de unha praza de Profesor de música (50% xornada). Procedementos de estabilización de emprego temporal.
- 00856/2023 2023/G003/000894 SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ DOS PLAZUELAS, NÚM. 56, LAXE
- 00857/2023 2023/G003/000891 Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de 2 prazas de Operarios de servizos múltiples. Procedementos de estabilización de emprego temporal
- 00858/2023 2023/G003/000892 Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de 1 praza de Responsable das oficinas municipais de información xuvenil e turismo. Procedementos de estabilización de emprego temporal.
- 00859/2023 2023/G003/000893 Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de 1 praza de Guía turístico/a e medioambiental. Procedementos de estabilización de emprego temporal.
- 00860/2023 2023/G003/000899 concesión emerxencia social factura alimentos
- 00861/2023 2023/G003/000895 Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de 1 praza de Auxiliar Administrativo/a. Procedementos de estabilización de emprego temporal.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- 00862/2023 2023/G003/000896 Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de 3 prazas de Auxiliar de axuda no fogar. Procedementos de estabilización de emprego temporal.
- 00863/2023 2023/G003/000897 Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de 1 praza de Orientador/a laboral. Procedementos de estabilización de emprego temporal.
- 00864/2023 2023/G003/000898 Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de 1 praza de Animador/a cultural. Procedementos de estabilización de emprego temporal.
- 00865/2023 2023/G003/000900 aprobación padróns saf setembro 2023
- 00866/2023 2023/G003/000901 SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE J.N.B.
- 00867/2023 2023/G003/000902 APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTUAS F/2023/45
- 00868/2023 2023/G003/000904 EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 23/2023 POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITO
- 00869/2023 2023/G003/000903 Informe Concello Laxe DE F.P.S.
- 00870/2023 2023/G003/000905 Informe Concello Laxe DE F.P.S.
- 00871/2023 2023/G003/000906 Aprobación do Plan de Xestión de Residuos e do Plan de Seguridade e Saúde da obra de "Mellora de camiños rurais en Laxe e As Virtudes", actuación subvencionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- 00872/2023 2023/G003/000908 COMISIÓN SERVIZOS TRABALLADORA SOCIAL D.A.C.
- 00873/2023 2023/G003/000907 APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/44. REPARO
- 00874/2023 2023/G003/000910 DECRETO DE PAGO DAS FACTURAS NÚM. A 23000639 E NÚM. A 23000710 DE 29-08-2023 E 27-09-2023 RESPECTIVAMENTE, DE IMPRENTA Y PUBLICIDAD SAN CRISTOBAL S.L. CONTRATO MENOR DE DIFUSIÓN, PUBLICIDADE, E ACTUALIZACIÓN DOS CONTIDOS MUSEOGRÁFICOS [PROXECTO DE DIFUSIÓN E MANTEMENTO DA COLECCIÓN PERMANENTE DO MUSEO DO MAR DE LAXE 2023 - LOTE II PUBLICIDADE E PUBLICACIÓN[S]].
- 00875/2023 2023/G003/000911 DECRETO DE PAGO DE FACTURA NÚM. 2023EMIT- 305 DE 13/10/2023, POR IMPORTE DE 968,00€, EN CONCEPTO DE REALIZACIÓN DUN INVENTARIO / CATALOGO DIXITAL PARA O MUSEO DO MAR DE LAXE.
- 00876/2023 2023/G003/000912 CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE OFICINA (CARPETAS, SOBRES ...)
- 00877/2023 2023/G003/000909 SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE D.G.P.
- 00878/2023 2023/G003/000914 Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo para a cobertura en propiedade por promoción interna dunha praza de Administrativo C1, funcionario de carreira do Concello de Laxe.
- 00879/2023 2023/G003/000913 AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVICIOS PARA ASISTIR AO ENCONTRO DE DIAGNÓSTICO ESTRATÉXICO DA SITUACIÓN DO TURISMO EN GALICIA CONVOCADA POLO CLUSTER DE TURISMO EN CEE O 26 DE OUTUBRO DE 2023
- 00880/2023 2023/G003/000915 renuncia traballadora social I.P.R.
- 00881/2023 2023/G003/000917 ELABORACIÓN E APROBACIÓN DE NÓMINAS DO MES DE OUTUBRO



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- 00882/2023 2023/G003/000918 EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 24/2023 AO VIXENTE ORZAMENTO PRORROGADO DE 2022 PARA O 2023 POR TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS.
- 00883/2023 2023/G003/000919 TRAMITACIÓN DOS CERTIFICADOS DE FIRMA DIXITAL DE REPRESENTANTE DE PERSOA XURÍDICA, REALIZADOS EN 2023 (F.C.O., S.V.M., E.A.L., J.T.L., M.D.A.C., D.M.M. E E.C.C.)
- 00884/2023 2023/G003/000920 APROBACIÓN DO GASTO DE COMISIÓN BANCARIAS POLA XESTIÓN DE COBRO DOS RECIBOS DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, MES DE XULLO DE 2023.
- 00885/2023 2023/G003/000921 COMUNICACIÓN DO SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN SOBRE ERRO MATERIAL OU DE FEITO EN RECIBOS DE TAXAS A NOME DE M.C.I..
- 00886/2023 2023/G003/000922 SOLICITUDE EMERXENCIA SOCIAL DE A.C.P.
- 00887/2023 2023/G003/000923 CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO PARA A ADQUISICIÓN DE 9 VINILOS DE CALIDADE PARA MADEIRA CON DESTINO AO MUSEO DO MAR DE LAXE
- 00888/2023 2023/G003/000924 DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA E CUMPRIMENTO FIN DA SUBVENCIÓN - PROXECTO DE DIFUSIÓN E MANTENIMENTO DA COLECCIÓN PERMANENTE DO MUSEO DO MAR DE LAXE - 2023
- 00889/2023 2023/G003/000925 ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CALENDARIOS, TARXETAS DE FELICITACIÓN E SOBRES, PARA ENVÍO A DOMICILIO NO NADAL DO ANO 2023
- 00890/2023 2023/G003/000927 Transmisión de Titularidad de Licencia Acometida de Agua y Alcantarillado a nombre de L.V.V. Solicita: Solicito cambio de titularidad de licencia acometida de agua y alcantarillado de dicho domicilio a mi nombre. Actualmente
- 00891/2023 2023/G003/000926 COMISIÓN SERVIZOS TRABALLADORA SOCIAL D.A.C.
- 00892/2023 2023/G003/000928 RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DE OBRADOIRO E ROTEIRO O MARTES 31 DE OUTUBRO DO 2023 CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO SAMAÍN
- 00893/2023 2023/G003/000929 Corrección erros da lista provisional de admitidos e excluídos proceso selectivo de 1 praza de Responsable das oficinas municipais de información xuvenil e turismo. Procedementos de estabilización de emprego temporal.
- 00894/2023 2023/G003/000930 Inicio do expediente de Contratación de obras de "Execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba. Concello de Laxe"
- 00895/2023 2023/G003/000931 Designar Dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde da obra "Execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba. Concello de Laxe"
- 00896/2023 2023/G003/000932 LOURDES RUIZ PEREZ. EN REPRESENTACIÓN DE FACHADAS LURJO S.L. Solicita: CAMBIO IBI, ALCANTARILLADO, LIXO
- 00897/2023 2023/G003/000933 Aprobación do expediente de contratación obras de "Execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, da parroquia de Traba. Concello de Laxe"
- 00898/2023 2023/G003/000935 APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/47
- 00899/2023 2023/G003/000934 Aprobación das bases reguladoras e a convocatoria para a selección de un/ha bibliotecario/a-arquiveiro/a para a substitución transitoria do titular da praza e creación de bolsa de traballo/lista de reserva, a través do sistema de concurso-oposición
- 00900/2023 2023/G003/000936 SELECCIÓN TÉCNICO/A INTERVENCIÓN FAMILIAR/ EDUCADOR/A FAMILIAR POR



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

00901/2023	2023/G003/000939	CONVENIO COLABORACIÓN CONCELLO LAXE E SAN SADURNIÑO APROBACIÓN DE COMISIÓNS BANCARIAS DO BANCO ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. DEVOLUCIÓN DE RECIBO SAF MES XULLO 2023
00902/2023	2023/G003/000937	SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DO 6º TRIENIO DE M.J.M.F.
00903/2023	2023/G003/000938	Contrato Menor: IMPLANTACIÓN DE UNHA PISTA DE PÁDEL E UN BIOPARQUE
00904/2023	2023/G003/000941	APROBACIÓN DAS TAXAS DA PUBLICACIÓN DE ANUNCIO NO DOGA DA CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO BIBLIOTECARIO/A - ARCHIVEIRO/A POR SUBSTITUCION TRANSITORIA DA PERSOA TITULAR
00905/2023	2023/G003/000940	Contrato Menor: IMPLANTACIÓN DE UNHA PISTA DE PÁDEL E UN BIOPARQUE
00906/2023	2023/G003/000942	TRAMITACIÓN DOS CERTIFICADOS DE FIRMA DIXITAL DE REPRESENTANTE DE PERSOA XURÍDICA, REALIZADOS EN 2023 (F.C.O., S.V.M., E.A.L., J.T.L., M.D.A.C., D.M.M., E.C.C. E R.L.A.)
00907/2023	2023/G003/000943	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR XERACION DE CREDITOS N. 15/2023.
00908/2023	2023/G003/000945	DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN PARA A APERTURA E DINAMIZACIÓN DO MUSEO 2024
00909/2023	2023/G003/000946	Contrato Menor: EQUIPAMIENTO GIMNASIO
00910/2023	2023/G003/000947	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10 DE NOVEMBRO DE 2023
00911/2023	2023/G003/000948	ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ANTE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PERSOAL DE TURISMO NO ANO 2024
00912/2023	2023/G003/000944	APROBACIÓN DE SANCÍONS AUGAS DE GALICIA
00913/2023	2023/G003/000949	Reserva de instalaciónes: E.V.
00914/2023	2023/G003/000950	Enmenda non conformidade e relatadas na acta de inspección núm. C-464330 relativas ao abastecemento de auga de consumo humano de ZA Laxe.
00915/2023	2023/G003/000951	ABOO DE HORAS EXTRAORDINARIAS POLA REALIZACIÓN DE TRABALLOS FORA DO HORARIO NORMAL DE TRABALLO POLO PERSOAL LABORAL
00916/2023	2023/G003/000953	BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MA100 DE SUBVENCIÓNS PARA LIMPEZA DE PRAIAS DESTINADO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2024. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. BOP NÚM. 194, DE 10/10/2023.
00917/2023	2023/G003/000952	APROBACIÓN DE TAXAS A XUNTA DE GALICIA - AUGAS DE GALICIA
00918/2023	2023/G003/000954	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 26/2023 AO VIXENTE ORZAMENTO PRORROGADO DE 2022 PARA O 2023 POR XERACIÓN DE CRÉDITOS
00919/2023	2023/G003/000955	Tramitación decreto conjunta de: Solicitud de altas, bajas y modificaciones padronales - PMH outubro de 2023
00920/2023	2023/G003/000956	ABOO DE HORAS EXTRAORDINARIAS EFECTUADAS POR V.M.G.P. (BIBLIOTECA MUNICIPAL)
00921/2023	2023/G003/000957	DEVOLUCIÓN DE INGRESO INDEBIDO DE DON J.M.R.R.
00922/2023	2023/G003/000958	solicitud de axuda no fogar por libre concurrencia de T.A.B.
00923/2023	2023/G003/000960	CONTRATACIÓN DE OBRAS POR PROCEDEMENTO ABERTO





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

		SIMPLIFICADÍSIMO/SIMPLIFICADO SUMARIO PARA O PROXECTO DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DOS VOLUNTARIOS, NO CONCELLO DE LAXE (SUBVENCIONADO POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL)
00924/2023	2023/G003/000959	ABOO DE HORAS EXTRAORDINARIAS POLA REALIZACIÓN DE TRABALLOS FORA DO HORARIO NORMAL DE TRABALLO POLO PERSOAL LABORAL.
00925/2023	2023/G003/000962	ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DE TÓNERES E CARTUCHOS DE TINTA PARA FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS DO DEPARTAMENTO DELEGADO DE TURISMO E CULTURA DO CONCELLO DE LAXE
00926/2023	2023/G003/000963	Contratación de obra por procedemento aberto simplifícadísimo para Mellora do firme e seguridade vial na estrada municipal ata a Praia de Traba na zona de Mórdomo, Parroquia de Traba, no Concello de Laxe. Subvencionado polo Plan Único de Concellos 1ª fase POS+ Adicional 2/2021.
00927/2023	2023/G003/000965	DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LAXE E A ONG SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA A FINANCIACIÓN DAS ACTIVIDADES NAS ESTADÍAS GALEGAS A PROL DOS NENOS SAHARAUIS.
00928/2023	2023/G003/000968	CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CONTROL EXTERNO DE CALIDADE DAS OBRAS DE AGADER 2023-2023: MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN LAXE E AS VIRTUDES E MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN MATIO E AS VIRTUDES
00929/2023	2023/G003/000967	SUBVENCÍONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2024
00930/2023	2023/G003/000969	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBO TAXA ENTRADA DE VEHÍCULOS QUE FIGURA A NOME DE A.F.M.
00931/2023	2023/G003/000970	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DAS TAXAS DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ ALFREDO BRAÑAS, NÚM. 11, ENTRESOLO B, LAXE
00932/2023	2023/G003/000973	COMISIÓN DE SERVIZOS A I.M.C.A. PARA ASISTIR A CURSO NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
00933/2023	2023/G003/000972	RESOLUCIÓN ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE SEGURO DE ACCIDENTES DE CARA A REALIZACIÓN DA SAÍDA MICOLÓXICA DO DOMINGO 18 DE NOVEMBRO
00934/2023	2023/G003/000976	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/43. OFI N° 11/2023
00935/2023	2023/G003/000977	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESPRAZAMENTO EN AUTOBÚS DURANTE A SAÍDA MICOLÓXICA DO DÍA 18 DE NOVEMBRO DO 2023
00936/2023	2023/G003/000979	NOMEAMENTO DE POÑENTE PARA A SAÍDA MICOLÓXICA DO SÁBADO 18/11/2023
00937/2023	2023/G003/000978	Aprobación das certificacións segunda e terceira da obra de "Mellora do parque infantil da Praza dos Voluntarios, no Concello de Laxe", subvencionado pola Dirección Xeral de Administración Local, e das facturas núm. F231851, de 09/11/2023 e núm. ____ de data ____ de Jardincelas, SL
00938/2023	2023/G003/000974	Reserva de instalacións: S.B.
00939/2023	2023/G003/000980	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE E.G.L.
00940/2023	2023/G003/000971	SOLICITUDE DE BAIXA NA TAXA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS POR UN LOCAL SITUADO NA PRAZA DE RAMÓN JUEGA, NÚM. 2, LAXE
00941/2023	2023/G003/000981	COMISIÓN SERVIZOS TRABALLADORA SOCIAL ASISTENCIA DÚAS XORNADAS FORMATIVAS
00942/2023	2023/G003/000982	Contrato Menor: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA PAVILLÓN CAMPO DE



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### FÚTBOL

- 00943/2023 2023/G003/000983 SOLICITUDE AXUDA NO FOGAR (SAF) LIBRE CONCORRENCIA DE J.P.C.
- 00944/2023 2023/G003/000984 ADXUDICACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA PAVILLÓN CAMPO DE FÚTBOL
- 00945/2023 2023/G003/000985 DEVOLUCIÓN DE INGRESOS DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE M.R.L.
- 00946/2023 2023/G003/000986 Tramitación de Subvenciones: ANIMADOR DEPORTIVO 2024
- 00947/2023 2023/G003/000987 ASIGNACIÓN DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR ADMINISTRATIVA A.D.V.
- 00948/2023 2023/G003/000988 ASIGNACIÓN COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AO OPERARIO DE SERVIZOS MUNICIPAIS .
- 00949/2023 2023/G003/000989 HORAS EXTRAORDINARIAS PRESTADAS POLO OPERARIO DE SERVIZOS MUNICIPAIS F.J.C.P.
- 00950/2023 2023/G003/000990 APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/49
- 00951/2023 2023/G003/000991 CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE NOVEMBRO DE 2023
- 00952/2023 2023/G003/000992 ABOO DE HORAS EXTRAORDINARIAS EFECTUADAS POR V.M.G.P. (BIBLIOTECA MUNICIPAL)
- 00953/2023 2023/G003/000994 BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE CULTURA EN 2024 (BOP NÚMERO 194)
- 00954/2023 2023/G003/000993 AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS PARA ASISTIR A UNHA REUNIÓN DE TRABALLO SOBRE ASTROTURISMO O 23 DE NOVEMBRO DE 2023 NAS TORRES DO ALLO
- 00955/2023 2023/G003/000996 SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ SOL, NÚM. 1, LAXE
- 00956/2023 2023/G003/000997 SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS POR UNHA VIVENDA SITUADA NA AVDA. CESÁREO PONDAL, NÚM. 78 - 1ªA, LAXE
- 00957/2023 2023/G003/000998 LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DO EXERCIZO DE 2024
- 00958/2023 2023/G003/000999 SOLICITUDE DE ALTA NOS PADRÓNS DAS TAXAS DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ VALLE INCLÁN, NÚM. 5 - 3ªE, LAXE
- 00959/2023 2023/G003/001000 APROBACIÓN FACTURA E PAGO CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE, ACONDICIONAMENTO DO SALÓN DE ACTOS CULTURAI E BIBLIOTECA MUNICIPAL ANTÓN ZAPATA GARCÍA SUBVENCIONADO POLA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA XUNTA DE GALICIA PARA A MELLORA DOS EQUIPAMENTOS CULTURAI DA ORDE DO 12 DE XANEIRO DE 2023
- 00960/2023 2023/G003/000995 APROBACION DE FACTURA E ORDEN DE PAGO CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE TRES EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL ANTÓN ZAPATA, SUBVENCIONADOS POLA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A MELLORA DE EQUIPAMENTOS CULTURAI DA ORDE DO 12 DE XANEIRO DE 2023 DA XUNTA DE GALICIA
- 00961/2023 2023/G003/001001 PAGO A JUSTIFICAR A A.L.A. ITV VEHICULO C8783BY



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

00962/2023	2023/G003/001004	CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA OS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE LAXE
00963/2023	2023/G003/001002	Tramitación de Decretos - 14040/2023 Resolución de primeiras alegacións Ordinarias
00964/2023	2023/G003/001005	Aprobación do Plan de Xestión de Residuos e do Plan de Seguridade e Saúde da obra de "Mellora da eficiencia enerxética do pavillón e campo de fútbol municipal de Laxe"
00965/2023	2023/G003/000964	Contrato Menor: IMPLANTACIÓN DE UNHA PISTA DE PÁDEL E UN BIOPARQUE
00966/2023	2023/G003/001006	APROBACIÓN DA APORTACIÓN MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE OUTUBRO DE 2023 Y ATRASOS DE XANEIRO A SETEMBRO DE 2023
00967/2023	2023/G003/001007	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVICIOS A P.M.R.
00968/2023	2023/G003/001008	Convocatoria á Mesa de Contratación para apertura sobre B: Declaracións, compromisos e referencias técnicas (criterios non avaliados de forma automática. Obra: "Execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Os Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanelas, na parroquia de Traba, do Concello de Laxe"
00969/2023	2023/G003/001010	ASIGNACIÓN DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SERVICIOS SOCIAIS DO MES DE OUTUBRO DE 2023
00970/2023	2023/G003/001013	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A CONTRATACIÓN DE INCHABLES E ANIMACIÓN DURANTE A CELEBRACIÓN DO MAGOSTO DO 2023
00971/2023	2023/G003/001012	CONTRATO MENOR SERVIZO OBRA DE TEATRO "TRAVESÍA UNICORNIO" CON MOTIVO 25 N PACTO ESTADO
00972/2023	2023/G003/001014	CONTRATO MENOR SERVIZO "TALLER MANUALIDADE SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO 25N" PACTO DE ESTADO
00973/2023	2023/G003/001016	Contrato Menor: EQUIPAMIENTO GIMNASIO
00974/2023	2023/G003/001009	COMISIÓN SERVICIOS EDUCADORA SOCIAL E.A.P. PARA ASISTIR XORNADA ASOCIACIÓN INTEGRO
00975/2023	2023/G003/001015	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE CASTAÑAS, BEBIDAS E MATERIAIS FUNXIBLES VARIOS PARA A CELEBRACIÓN DO MAGOSTO DO 2023
00976/2023	2023/G003/001018	ASIGNACIÓN DE GRATIFICACIÓN AOS FUNCIONARIOS MUNICIPAIS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EXTRAORDINARIOS FORA DO HORARIO NORMAL DE TRABALLO
00977/2023	2023/G003/001019	APROBACIÓN DO GASTO DE COMISIÓN BANCARIAS POLA XESTIÓN DE COBRO DOS RECIBOS DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, MES DE AGOSTO DE 2023.

Non hai intervencións

### **9. Dación conta da execución trimestral - 3º trimestre de 2023**

De conformidade co establecido na Base 4ª do orzamento de 2022 prorrogado para o exercizo de 2023, dase conta ao Pleno da Corporación da execución orzamentaria do 3º trimestre de 2023, remitida por medios electrónicos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Non hai intervencións

### **10. Asuntos de urxencia**

Non houbo

### **11. Rogos e preguntas**



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **Preguntas formuladas por Fernando del Moral Regaldíe, UNIDAS-PODEMOS:**

---O pasado 10 de novembro, o conselleiro do Mar Alfonso Villar visitou o Porto de Laxe. Segundo a información aparecida en prensa, informou sobre o consenso acerca de certos puntos que se trataron nunha reunión mantida entre membros do consistorio municipal e José Antonio Álvarez, presidente da Entidade Portuaria. ¿En qué consiste o proxecto de reordenación e restricción do tráfico rodado ó Porto de Laxe, así como a ubicación do control de accesos?

Contesta á pregunta o concelleiro Don Francisco Charlín Oróns (PP), indicando que foi unha visita institucional á Cofradía de pescadores.

---O pasado 16 de outubro, o alcalde-presidente desta corporación mantivo unha reunión co director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo na que analizaron as posibilidades de declarar en Laxe un área de rehabilitación integral, asunto que puxo sobre a mesa a coalición que eu represento. ¿Qué pasos vai seguir o equipo de Goberno nesta materia? ¿Ten, o equipo de Goberno, algunha decisión acerca da adhesión do Concello de Laxe á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, como propuxen do pasado pleno ordinario?

Contesta á pregunta o sr. Alcalde indicando que o concello non pode permitirse unha oficina deste tipo polos gastos que conleva e que con respecto ao convenio coa APLU aínda non o teñen decidido.

Indica o concelleiro Fernando del Moral Regaldíe que aínda están por contestar as preguntas formuladas no último pleno.

---O pasado 27 de xuño de 2023 unha veciña deste Concello, María Flor Cundíns Mira, presentou ante a Alcaldía unha reclamación polo mal estado dunha tapa dun sumidoiro próximo a súa vivenda e o presunto atasco do mesmo. Denunciaba o perigo que supón para as o os viadantes, así como o cheiro que desprende dito sumidoiro.

Ata o día de hoxe non tivo contestación por escrito a esta reclamación pero si verbal por parte do concelleiro de Obras, propoñendo que poñerían unha tapa provisionaria -non do sumidoiro se non unha que teñen de Unión Fenosa- así como que chamarían a unha empresa con maquinaria específica para limpar o tramo de sumidoiro atascado.

O problema segue sen resolverse, a tapa provisoria non pecha ben, o cheiro persiste e da empresa non se sabe nada.

A nosa pregunta é:

¿Cando a alcaldía terá a ben solucionar este problema que afecta a saúde de veciños e veciñas?

Contesta o sr. Alcalde que se están a espera dunha empresa para limpar e cambiar varias tapas.

---Pregunta sobre a reparación do muro do particular con enderezo en Matío 12, parroquia de Nande deste Concello, dado que dito deterioro se debe ó tránsito de vehículos voluminosos por unha vía pública e coa pregunta de qué xestións se están realizando para o adecuado estado do devandito lugar.

Contesta o sr. Alcalde que faltan permisos para amañalo.

---O pasado ano foi instalada unha sinal de estacionamento prohibido na beirarrúa dos impares da rúa Agra de Abaixo, a metade do tramo, sen indicación do mesmo, polo que tal como está, indica a prohibición de estacionar de esquina a esquina, dende a dúa Feliciando Pérez Alvite a ata a rúa Camiño do Cemiterio. O escándalo entre os veciños da zona foi alarmante ás portas do pasado verán.

Segundo se decía, tratábase dunha obra inacabada, xa que faltaba por pintar a xona na que a devandita sinal limitaba o estacionamento, para servir como refuxio en caso de cruce de vehículos, xa que é de dúas direccións, cousa á que nos opoñemos e que é o exemplo máis claro de vial que debe ser dunha dirección.

Ten a concellería que vostede xestiona, intención de acometer algún tipo de intervención no



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

devandito lugar?

Contesta o sr. Alcalde que incluírase nun plan de mobilidade e circulación do Municipio.

---Pola parcela sita na Avda. Avda Isidro Parga Pondal, 32 n2-34, de referencia catastral 0147915NH0804N0001DI, pasa un sumidoiro cuxa tapa sobresa e moi acusadamente da superficie do terreo.

Este estado da tapa está a provocar caídas de persoas que estacionan o coche na parcela e danos nos fondos destes e outros vehículos que acceden a ela, mesmo arricándoa da súa ubicación e arrastrándoa cos baixos dos vehículos.

Ten a súa concellería intención de resolver esta situación?

Contesta o sr. Alcalde que teñen a intención de falar coa Xunta para facer unha beirarrúa.

---Na travesía Vila Amparo existe un desnivel de considerado perigo, tanto para viandantes como para os vehículos que transitan por ela. É un clamor da veciñanza da zona a instalación dunha barreira protectora ou quitamentos. Disque o Concello non os quere instalar, xa que é un terreo privado. Mentres, na senda recentemente construída en Serantes, instalouse unha cuxo modelo sería o idóneo para o devandito lugar, e que a maiores salvo o desnivel con saolares de uso privado.

Disque o Concello non instala o requerido quitamentos no lugar referido porque os da citada travesía son privados.

¿É certo que eso é o que alega o Concello?

¿Pensan tomar alguna decisión respecto á necesidade de instalar algo na nomeada travesía?

Contesta o sr. Alcalde que falará co policía para que faga un informe.

---Pregunta pola asinación dun despacho ao seu grupo.

Contesta o sr. Alcalde que non hai dispoñibilidade e que respecto da obriga solicita informe a Secretaría.

---Pregunta polo motivo das liñas de prohibición de aparcamiento rúa do Río

Contesta o sr. Alcalde que se pintaron porque dificultaba o tránsito de vehículos.

---En Unidas Podemos temos coñecemento de que o persoal eventual contratado a través de subvencións da Xunta ou da Deputación no se lles dá a uniformidade adoitada, de feito o persoal contratado para a limpeza das praias no se lles proporciona nin sequera o calzado de seguridade.

Isto constatado de xeito visual, xa que este verán non o levaban. Se me afirma que llos deron e non llos ponen, son vostedes os que teñen que vixilar que os poñan e advertirlos. Pero se non llo deron, non o poden poner.

E sabemos que se requiren un cambio de talla, non se lles fai, por tanto non o pueden poner.

Temos coñecemento de que fai relativamente un mes, un operario tivo un accidente laboral porque non levaba a uniformidade pertinente para ir sulfatar. A máquina tiña fisura por onde escapou o sulfato e lle produxeron queimaduras que o levaron a estar de Baixa.

Teñen vostedes coñecemento de iso?

Cánto tempo fai da última avaliación de riscos laborais que realizaron?

Teñen vostedes rexistros dos cursos de PRL firmados polos traballadores?

Teñen os rexistros firmados da uniformidade que o Ministerio de Traballo obriga a levar por prevención de saúde no traballo e que articula a través da inspección de traballo?

Contesta o sr. Alcalde que si que foron conscientes do sucedido e que hai un documento asinado polos operarios de entrega da ropa.

### **Preguntas formuladas por Francisco José Vidal Castro, concelleiro do PSdeG-PSOE Laxe:**



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

---Recentemente o alcalde de Laxe manifestou na prensa que aínda non tiña decidido se se modificaran os impostos municipais.

De momento o IBI para o ano 2023 que pagamos no mes de outubro aumentou un 9,64% con respecto ao 2022, pero este ano xa subira un 10,67% e o anterior nada menos que un 27,64%. Un total do 54% durante o pasado mandato do PP.

Iso si, hai unha bonificación aprobada para as familias numerosas, independentemente dos ingresos que teñan estas familias, pero sen embargo non se bonifica a os pensionistas, que supoñen o 33% do censo municipal, cunha pensión media de 800€.

Sen embargo o Goberno local de Laxe, segue perdoando a taxa municipal de terrazas de hostalaría, co argumento do COVID, a pesar de que a OMS deu por finalizada a pandemia o 5 de maio de 2023, e o Goberno Español o 4 de Xullo de 2023. Ademais, algunhas terrazas seguen ocupando espazo público máis alá do establecido na súa correspondente licenza municipal. A uns veciños as taxas municipais non lles afectan po lo que se ve. Curiosamente os negocios de Hostalaría situados no tramo de competencia de Portos de Galicia "SI" pagan de novo a correspondente taxa.

Nas recentes declaracións a prensa do Sr. Alcalde sinalase tamén o deficitario do servizo de recollida de Lixo.

O PSdeG PSOE de Laxe insistiu, e seguirá insistindo, na reforma deste servizo, para adaptalo á Lei 7/2022 do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, como indica a Directiva Comunitaria: 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008.

Para adaptarse a esta lei, e mellora-la xestión da recollida de lixo, a Xunta publicou a: "*Guía de boas prácticas para atención paisaxística dous sistemas de conterización de residuos*", na que se recollen as posibles opcións de xestión de recollida selectiva, así como da integración paisaxística; diferenciando ademais entre contornos rurais e urbanos, ou zonas históricas e praias.

O PSdeG PSOE xa presentou unha moción durante o pleno ordinario do 27 de Xullo de 2023, na que se solicitaba que se puxeran en marcha medidas provisionais para a recollida de lixo de cara ao verán, moción que foi rexeitada pola maioría absoluta do grupo de goberno, e, durante a defensa da devandita Moción, o portavoz do PSdeG PSOE xa fixo mención da citada "Guía de boas practicas..."da Xunta de Galicia.

*¿Quería o Sr. Alcalde explicarlle ao Pleno cal e a súa idea da revisión das taxas municipais en relación con a recollida de Lixo, ou si ten algún proxecto para facer este servizo mais eficiente ?*

Contesta o sr. Alcalde manifestando que farán unha reunión con SOGAMA para facer un estudo de coste por concello.

En canto a bonificación do IBI para os pensionistas, a lei non contempla dita bonificación e que con respecto ao incremento do IBI, trátase da regularización do catastro e que é unha subida do 10% ata o 2028

---A maioría das parroquias seguen sen haber saneamento, a pesares das promesas do Alcalde, e nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2024 non ha un solo Euro asignado a o concello de Laxe.

No núcleo urbano de Laxe os problemas con a recollida de Pluviais multiplícanse cada Inverno, agravado por a altura dos montellons da praia, e debido principalmente a conexión dos desaugues de pluviais ao colector de sumidoiros, sen que se vexa que haxa intención de solucionar este problema.

Das manifestacións do alcalde recentemente á prensa pódese entrever que é posible que suban os impostos dos servizos municipais, por seren deficitarios, pero non menciona nada acerca de reformalos para facelos máis eficientes e po lo tanto menos deficitarios.

*¿Quería o Sr. Alcalde explicarlle ao Pleno cal e a súa idea da revisión das taxas municipais, e si hay algún plan de dotar a todas as parroquias de Saneamento e de reformar a recollida de pluviais no núcleo urbano de Laxe?*

Contesta o sr. Alcalde que esta pendente de licitación e que se está a falar coa Xunta do tema da depuradora de Traba.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

---Nas manifestacións a prensa do día 11 de Novembro o conselleiro de Mar Alfonso Villares fixo mención das inversións no porto de Laxe, en concreto do dragado do porto sinalando que se inverteron 3,6 millóns de Euros, pero ignoramos si se lle comunicou ao conselleiro, por parte de algúns dos asistentes, que ha unha zona enfronte das propias oficinas portuarias que non se chegou a profundidade do -3m. prevista nas especificacións do proxecto de dragado, ou se volveran os responsables da obra a rematar o traballo.

Acerca do Control de Accesos ao porto. No Pleno Ordinario do 27 de Xulio de 2023, o PSdeG PSOE presentou unha moción para solicitar a Portos de Galicia as medidas que agora se están propoñendo, moción que foi rexeitada por a maioría do grupo de goberno. Durante a defensa da moción o voceiro do PSdeG PSOE apuntou que a circulación e aparcamento de vehículos “non autorizados” están explicitamente prohibidos nos portos de competencia da Xunta de Galicia, tal como se recolle no Artigo 55 da Ley 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia.

Tampouco sabemos si o Alcalde aproveitou a visita do Conselleiro para reclamar a transferencia de titularidade e competencias para o concello do tramo da Rúa Rosalía de Castro que vai dende a Praza de Ramón Xuga a o porto.

*¿Querería o Sr. Alcalde explicarlle ao pleno cales foron os temas dos que falou e acordos a os que se achegou co Conselleiro Villares na súa visita ?*

O concelleiro do PP, Francisco Charlín Oróns, puntualiza que esa zona non estaba incluída no proxecto, e que foi a petición da Cofradía de pescadores, que non se chegou a ese punto polo resgo de que descabalgara o muelle. Continúa dicindo que se trataron dintintas cousas e que cambiaron o tellado da báscula que utilízase para a pesaxe do peixe do cerco.

En canto a cesión, manifesta que pasaría a Costas do Estado.

---No Plan de Obras e Servicios da Deputación recóllense na última actualización para o POS+ Adicional 2/2023 2ª Fase, os Investmentos para os concellos da provincia e nos que a o concello de Laxe se adxudican 63.603,01€ para “Gastos Correntes”, pero non hay ningún investimento previsto en Obras ou Servicios, Na primeira fase do POS para o ano 2023 a LAXE adxudicáronse 171.773,88€.

Sin embargo seguen pendentes de execución as seguintes actuacións aprobadas:

2019 Conservación de camiños . Coens

2021 Reforzo da envolvente almacén na rua /Francisco Canosa Nemiña, 8

2023

1.Mellora e humanización da explanada do aparcamento da Igrexa Parroquial de San Mamede na Torre

2.Mellora do acceso e explanada exterior a Igrexa Parroquial de San Estaban de Soesto

3.Mellora da senda municipal dende Santa Rosa a praia de Soesto

4.Pavimentación de vías municipais no núcleo de Transfontans, parroquia de Serantes.

5.Mellora do firme e seguridade a praia de Traba

Tamén aprobouse o POS-24, con un orzamento de 281.978,63 € asignado ao Concello de Laxe.

*¿Pode explicarlle ao Pleno porque están as obras asinadas nos pasados POS sen executar, e si cree que e prioritario para o concello mellorar as explanadas das Igrexas antes de investir no saneamento das parroquias.? ¿ En que teñen pensado invertir o POS-24...?*

Contesta o sr. Alcalde que a obra de Coens xa está rematada, e que a envolvente non se considera prioritaria. En canto as obras de San Mamede está pendente de aprobar un Convenio co Arzobispado, en canto a mellora da Senda faltan autorizacións. Por último contesta que a mellora do firme da praia de Traba xa está feita.

*---¿Pode explicarlle ao Pleno porque nos Orzamentos para o ano 24 presentados por a Xunta de Galicia non aparece ningún asinamento para ningún tipo de investimento no Concello de Laxe.*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*De onde val a sacar o orzamento necesario para o saneamento que prometeu para a parroquia de Traba, por exemplo...?*

Contesta o sr. Alcalde que xa está en licitación e que financiose con remanente de tesourería.

### **Preguntas que formula María Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG de Laxe:**

*---Falta a resposta a preguntas realizadas en plenos anteriores: fosa séptica do colexio, colectores de lixo de Soesto,*

*---Agora que se publicou o proceso de selección para cubrir a praza de bibliotecario sacarán a de Monitor deportivo? Aínda que o servizo está cuberto pola contratación dunha empresa externa estase a perder un posto de traballo público subvencionado pola Deputación.*

Contesta o sr. Alcalde en sentido negativo.

*---Como vai a xestión do local da Torre? Xa hai asociación? Ese local vaise poder utilizar para actividades municipais ou outras asociacións do concello?*

Contesta o sr. Alcalde en sentido afirmativo.

*---A principios deste mes houbo outro accidente na entrada ao casco urbano en Fenllido, un cruce ao que os vehículos chegan con moita velocidade. Hai previsto algún tipo de actuación para a regulación do tráfico en Fenllido?*

O sr. Alcalde remítese ao Plan de mobilidade.

*---Existe previsión para implementar o novo decreto do saf?*

O sr. Alcalde manifesta que ten que falar coa traballadora social.

*---Teñen previsto renovar ou arreglar as papeleiras deterioradas do paseo?*

Contesta afirmativamente o sr. Alcalde.

*---Xa hai convenio con algunha entidade para a xestión do abandono de animais? E de ser así como temos que facer os veciños e veciñas se atopamos algún?.*

Contesta a concelleira do PP, Raquel Lema Allo que mantivo unha reunión con XEA e que o presuposto ascendía a 20.000,00 euros, que lle pareceu un importe excesivo, polo que buscou un máis económico con SERVIGAL. Indica que unha vez se asine o convenio darase a coñecer o protocolo de actuación a través das redes sociais.

### **Preguntas que formula Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG de Laxe:**

*---O empregado que tén o “técnico municipal urbanístico externo” do concello atendeu a un veciño de Laxe que acudiu alí para informarse dos trámites para o cambio dunha galería no ámbito do casco antigo. Cal foi a súa sorpresa, moito máis a nosa, cando ese empregado ofreceulle facerlle el o proxecto por mediación dun amigo. Aquí non hai unha oficina de Átomo, hai unha oficina municipal.*

*¿Ata cando van seguir permitindo que estas cousas sucedan dentro da casa consistorial?*

*---artigo 6.3.a da parte 1 do Código Técnico de Edificación, xunto co artigo 2 do R.D. 1000/2010 din que o Proxecto Básico é suficiente para solicitar licenza municipal, e a uns veciños deste concello, nun escrito asinado por vostede sr. alcalde, que converte en seus os graves erros dese*





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

servizo externo, pídelle “o proxecto básico contará co preceptivo visado colexial conforme ó anexo III da Parte I do CTE” e dito anexo é un anexo de terminoloxía a empregar, non ten carácter vinculante nin legal de ningún tipo.

O CTE sí recolle claramente no seu artigo 3.a) onde di literalmente:

*“A efectos de su tramitación administrativa, todo proyecto de edificación podrá desarrollarse en dos etapas: la fase de proyecto básico y la fase de proyecto de ejecución. Cada una de estas fases del proyecto debe cumplir las siguientes condiciones:*

*a) El proyecto básico definirá las características generales de la obra y sus prestaciones mediante la adopción y justificación de soluciones concretas. Su contenido será suficiente para solicitar la licencia municipal de obras, las concesiones u otras autorizaciones administrativas, pero insuficiente para iniciar la construcción del edificio. Aunque su contenido no permita verificar todas las condiciones que exige el CTE, definirá las prestaciones que el edificio proyectado ha de proporcionar para cumplir las exigencias básicas y, en ningún caso, impedirá su cumplimiento; y*

*b) El proyecto de ejecución desarrollará el proyecto básico y definirá la obra en su totalidad sin que en él puedan rebajarse las prestaciones declaradas en el básico, ni alterarse los usos y condiciones bajo las que, en su caso, se otorgaron la licencia municipal de obras, las concesiones u otras autorizaciones administrativas, salvo en aspectos legalizables. El proyecto de ejecución incluirá los proyectos parciales u otros documentos técnicos que, en su caso, deban desarrollarlo o completarlo, los cuales se integrarán en el proyecto como documentos diferenciados bajo la coordinación del proyectista.”*

Ao noso xuízo, debe ser o único concello de todo o estado español que solicita o visado de proxectos básicos para conceder licencia municipal de obras. Corríxano no ou este servizo técnico cuxa deficiente forma de actuar tantas veces denunciou o BNG acabará por provocarlles problemas xudiciais.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 21:15 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a Secretaria, a presente Acta que asina o sr. Alcalde, para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.